

OS LIBROS DAS FESTAS DAS PERAS: ÍNDICE DE ARTIGOS HISTÓRICOS

Tania Varela Varela
Enrique Fraga Pena

O obxectivo deste traballo é dar a coñecer os artigos históricos contidos nos libros das Festas das Peras, así como mostrar a evolución destas publicacións, tanto no contido coma na forma. Os seus principais destinatarios serían os investigadores e as persoas interesadas en coñecer distintos aspectos da historia da Vila.

Os materiais manexados para confeccionar este estudio forman parte do Fondo Local da Biblioteca Municipal, tanto as publicacións conservadas en papel coma as conservadas en soporte microfilmado. Das primeiras existen libros correspondentes a 22 anos, sendo o primeiro deles o libro do ano 1972. En canto ás microfichas consérvanse as pertencentes a 29 anos, comprendidos entre 1910-1982¹. En ambos os casos non se pode falar dunha continuidade cronolóxica nos exemplares depositados no Fondo Local, aínda que dalgúns anos se conservan varios exemplares da mesma publicación.

En canto ó formato cabe salientar que non existe unha uniformidade ata 1991, ano no que se impón o tamaño folio (30x21 cm.). Non todos contan coa mesma extensión, e a maioría non están paxinados nin conteñen índices, salvo no ano 1954 no que aparece un sumario dos contidos.

As portadas, maioritariamente, son deseños ou montaxes fotográficas con elementos típicos de Pontedeume ou das súas festas patronais. Un número pequeno deles están ilustrados (na súa maior parte) por artistas eumeses como Benito Vizoso ou Víctor Garabana.

Unha característica común dos exemplares a partir de 1961 é o Saúda do alcalde correspondente a cada ano; soe aparecer nas primeiras páxinas acompañado dunha fotografía, salvo nos anos 1961, 1974 e 1988. Dende 1974 ata 1986 aparece tamén o Saúda da Raíña das Festas que sempre está acompañado dunha fotografía desta. Nalgúns exemplares e sen ningún tipo de continuidade aparecen os Saúdas da Comisión de Festas.

Como elemento que destacaríamos, nos anos 1980 e 1981 recóllese o pregón das Festas.

1. De xeito excepcional o libro de 1987 non se conserva en papel, senón microfilmado

No referente ó contido gráfico, a maioría son fotografías, aínda que tamén aparecen debuxos. Unha característica con respecto ás fotografías é que en case todos os libros aparecen algunhas antigas.

A partir da década dos 40 e esporadicamente , inclúense reseñas propagandísticas das actuacións urbanísticas da vila acompañadas de fotografía. Posteriormente recóllense simplemente as novidades urbanísticas ilustradas con fotografía, pero sen texto.

Dende os anos 70, dentro do programa de festexos propiamente dito, sempre se recollen fotografías ou ilustracións con motivos das Festas das Peras e da Vila, salvo no ano 1978 no que aparece un listado das actividades que se levaría a cabo sen especificar o día e a hora de cada unha.

Respecto ós contidos, dende os primeiros anos a publicidade ocupou un maior espacio sen que esto supoña un perxuízo para os artigos, que son unha característica común a tódolos anos. Hai que destacar que nos libros de 1984 a 1989 non existe ningún tipo de publicidade. Nos anos 1987, 1988, 1989 e 1990, a maior parte da publicidade redúcese a un listado dos establecementos ou entidades colaboradoras, aínda que tamén existen algúns anuncios no seu formato tradicional.

Os artigos son de todo tipo: de investigación histórica, artística e de creación literaria. A partir de 1973 aparecen reseñas das asociacións de Pontedeume nas que se recollen datos sobre a súa historia e as últimas actividades levadas a cabo. Este tipo de artigos teñen unha continuidade ao longo dunha serie de anos.

Outro tipo de artigos son os que recollen datos históricos en forma de breves reseñas, tanto de monumentos da Vila, lugares de interese turístico coma de actividades urbanísticas da época.

ÍNDICE DE ARTIGOS HISTÓRICOS NOS LIBROS DE PROGRAMAS DAS FESTAS DAS PERAS

1935 (A). "Puentedeume: datos históricos". 2 p.

1939 (A). "Puentedeume: datos históricos". 8 p.

1940 (A). "Breve reseña histórica de las fiestas patronales de Puentedeume". 4 p.

1941 (A). "Hace 50 años...". 3p.

"El incendio de 1607". 2 p.


"Puentedeume en 1751". 5 p.

"Puentedeume en la actualidad". 2p.

1943 (A). "Puentedeume en 1843". 10 p.

(A) Exemplares microfilmados
(B) Exemplares microfilmados e en papel
(C) Exemalres en papel

Cuatro portadas de programas de fiestas.



- 1945 (A). "A cien años fecha...". 5 p.
- 1946 (A). "Esto ocurría hace 100 años...". Cronos. 3 p.
- 1947 (A). "Pontedeume ofrece a la curiosidad del turista...". 11 p; fotos
- 1948 (A). "Del miriñaque a la falda corta". Cronos. 4 p.
- 1954 (A). "Viejas capillas". Frey Gumersindo Placer López (mercedario). 2 p; il.
- 1961 (A). "Las tierras del Eume y su extraordinaria importancia turística". Manuel L. Fidalgo Fernández. 4 p.
- 1972 (B). "Pontedeume: vergel de Galicia". José Luis Bugallal. 3 p.; fotos
"1940-1972. Pontedeume: 32 años de vida musical de una villa". Antonio Leira Díaz. 1p.
- 1973 (A). "Nuestra Señora de las Virtudes". 1 p.
"San Nicolás de Tolentino". 1 p.
Reseñas históricas sobre Caaveiro, Eume, Torreón, Ayuntamiento y Jardín.
- 1975 (C). "La torre de los Andrade". Miguel González Garcés. 5 p.; il.
"El Románico en la comarca eumesa". Álvaro Vázquez Penedo. 7 p.; il, fotos
"Isabel de Castro y Andrade, condesa de Altamira". 3 p.
- 1978 (C). "Informe sobre el origen de Pontedeume". Agustín González Álvarez, Constantino Piñeiro Carpenente. 3 p.; fotos
"Notas retrospectivas de Pontedeume". Fray Gumersiondo Placer. 3 p.; fotos
"La medicina en el tiempo de los Andrade". José Peleteiro. 1 p.
- 1979 (A). "Pontedeume en 1751". 2 p.; il.
- 1980 (A). "La reconstrucción sanitaria en Galicia y su influencia en la comarca eumesa". Francisco Amado Maceira. 2p.
- 1982 (A). "La torre en el pensamiento". Antonio Fraguas Fraguas. 2 p.
- 1983 (C). "Del tiempo celta a la era espacial". Brais da Bouza. 1 p.
"Siete puentes". Antonio Vázquez Rey. 1p.
"La historia a través del periodismo: Pontedeume a través de Breamo". J.R.D.. 4p.
- 1984 (C). "Un eumés ilustre: D. Antonio Couceiro Freijomil". Antonio Fraguas Fraguas. 3 p.; il.
- 1985 (C). "Notas históricas de una visita a Pontedeume". Fernando Urgorri Casado. 4 p.; il. de Miguel López Piñeiro.
"Heráldica eumesa". A.V.P.. 2p.; il.
"Pontedeume: su historia". 2 p.; il.
- 1986 (C). "Pontedeume entre los religioso y lo social". Juan Filgueiras Fernández 2 p.; fotos, il.
"La fundación de la villa y su jurisdicción". Fernando Urgorri Casado. 5 p.; fotos, il., planos.



- 1989** (C). "O onte e o mañán dos músicos eumeses". Xosé Paz Fernández. 6 p.; foto
"Las fiestas en la prensa local del comienzos de siglo". Sindo Vilariño. 4 p.; fotos
- 1990** (C). "Las fiestas con sus programas en la remembranza". José Luis Cortizas Freijomil. 4 p.; il.
"Fases históricas de Caaveiro: 6 Mayo 1890-11 Mayo 1905." Sociedad de arte e investigación "Eume". 3 p.; fotos
- 1991** (C). "El voto a San Nicolás: tradición y patrimonio de Pontedeume". J. Andrés López Calvo. 1 p.; foto
"Un pintor romántico na vila dos Condes de Andrade". Alexandre Caínzos Corbeira. 3p; il.
"Lembranzas das orixes". J. Francisco Correa Arias. 1 p; foto
- 1992** (C). "Fray Jacobo Álvarez, un hijo notable de Pontedemue". J. Andrés López Calvo. 1 p.
- 1993** (C). "Cosmopolis". Juan Carlos Fernández Naveiro. 1 p.
- 1994** (C). "Hospitais e capelas". J. Francisco Correa Arias. 2 p.; foto, il.
"O río Eume na poesía, cántigas e festas populares". Xosé Paz Fernández. 2 p.; fotos
"Las fiestas, año 50". Manuel de Vilar. 2 p.; foto
"Ayer lejano". Francisco Allegue. 2 p.; il.
- 1995** (C). "Fiestas en honor a la Virgen de las Virtudes. Fiestas en honor a San Nicolás de Tolentino". J. Andrés López. 1 p.
"Sabía usted...". Xan de Vilar. 1 p.
"Torre e arco de Maldonado". J. Francisco Correa Arias. 2 p.; il.
- 1996** (C). "O patrimonio eumés". Xesús Andrés López Piñeiro. 2 p.; foto
"Serenatas e parrandas eumesas". X. Paz Fernández. 3 p.; fotos
"O tumbo de Caaveiro". Carlos de Castro Álvarez. 2 p.; fotos.
"El hórreo, granero del campesino gallego". Sociedad de arte e investigación "Eume". 3 p.; fotos, esquema
"La fotografía a principio de siglo". Tito Ríos. 1 p.; foto
- 1997** (C). "San Miguel de Breamo". Carlos de Castro Álvarez. 4 p.; foto
"Mómaros e cabezudos". J. Andrés López Calvo. 3 p.; foto
- 1998** (C). "A pesca no asado". Luis Alonso Allegue. 2 p.; fotos
- 1999** (C). "A ponte do Eume na tradición Xacobeá". J. Francisco Correa Arias. 3 p.; fotos, il.
"Imaxes para a historia". A. López Álvarez. Fotos de equipos e entidades deportivas.
"As Festas das Peras na historia". X. Paz Fernández. 4 p.; fotos, bibliografía
- 2000** (C). "Un Santo contra los incendios". Carlos de Castro Álvarez. 2 p.; fotos
"Galicia y su historia". Eugenio Pena. 4 p.; fotos
"Sobor do nacionalismo musical". Xesús Andrés López Piñeiro. 2 p.; fotos
"El Balonmano Eumés cumple su cincuenta aniversario". Agustín López Álvarez. 5 p.; fotos.
"La fiesta en el ciclo de la vida". Ángeles Amado del Palacio. 3p.; fotos, il.

